



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DOS PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA OS CENTROS DOCENTES DE TITULARIDADE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2016/2017

A convocatoria do 15 de decembro de 2016 que regula as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros públicos establece, no seu artigo 11, que a Comisión de Selección, logo de analizar as solicitudes presentadas, emitirá a proposta de resolución dirixida ao secretario xeral de Política Lingüística, que resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal> e no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

Unha vez vista a proposta formulada pola Comisión de Selección, constituída ao abeiro do artigo 9 da citada convocatoria, esta Secretaría Xeral de Política Lingüística,

RESOLVE:

1. Seleccionar os cinco proxectos que acadaron a consideración de excelentes, segundo os criterios establecidos no artigo 10 da convocatoria, logo de comprobar que cumpren os requisitos establecidos nesta.

Os proxectos puntuados como excelentes son:

| Proxecto | Centro | Concello | provincia |
|---|----------------------------------|--------------------|------------|
| <i>A lingua delas, a nosa lingua</i> | IES PLURILINGÜE AQUIS CELENIS | CALDAS DE REIS | PONTEVEDRA |
| <i>A palabra é vida e vai ao lonxe</i> | CPI PLURILINGÜE DE VEDRA | VEDRA | A CORUÑA |
| <i>Nós somos un mundo: Cuntis, concello amigo da lingua</i> | CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA | CUNTIS | PONTEVEDRA |
| <i>Proxecto Informa.gal</i> | CEIP DE VIÑAGRANDE-DEIRO | VILANOVA DE AROUSA | PONTEVEDRA |
| <i>Un novo Broadway en Verín: o musical "Grease"</i> | IES XESÚS TABOADA CHIVITE | VERÍN | OURENSE |



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

2. En base ao establecido no artigo 2 da convocatoria, os seleccionados recibirán:

- Unha dotación económica de 2000 euros.
- Apoio e asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
- A difusión das experiencias e dos materiais educativos producidos a través da rede e da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal>.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Manuel Corredoira López